

PETRÓGLIFO DA PEDRA DA CRABA

Código do xacemento: GA15011013



Pedra da Craba ou Cabra

ACCESO



O acceso ao petróglifo da Pedra da Craba ou Cabra é relativamente sinxelo.

Dende o centro de Boiro é preciso seguir a estrada DP-1106 ata o lugar de Ferreiros (parroquia de San Vincenzo de Cespón). Percorridos uns 5 quilómetros dende a capital do concello, e tras percorrer a recta de Ferreiros en dirección norte (dirección igrexa parroquial) atopamos unha antiga escola unitaria á dereita, xusto enfrente hai un camiño asfaltado en

pendente.

É preciso continuar por este camiño en pendente uns 240 m momento no que aparecen varios desvíos, debemos continuar polo camiño asfaltado sen desviarnos ata chegar ao cruceiro de Coveliño (recollido por Castelao no libro *As cruces de pedra na Galiza*). Un total de 350 m desde que abandonamos a estrada DP-1106.

O petróglifo atópanse nun camiño fronte ao cruceiro en dirección noroeste; a uns 50 m en dirección noroeste.

As gravuras nun afloramento en pendente, no flanco meridional.




Acceso e localización do petróglifo da Craba



Acceso aos gravados dende o cruceiro de Coveliño

AS REPRESENTAÇÕES



SITUACIÓN

Parroquia: San Vicenzo de Cespón (Boiro)

Lugar: Coveliño, Ferreiros

COORDENADAS (afloramento 2)

UTM (ETRS89): x:511791; y: 4723395

PROPIEDAD DOS TERREOS

PRIVADA

OBSERVACIÓNS

O entorno está pragado de mimosas e eucalipto xerando sobras practicamente en calquera momento do día, polo que si se quere gozar de todo o seu esplendor é preciso aprecialo con luz artificial e de noite.

Foi un dos primeiros gravados que deron a coñecer os membros do Seminario de Estudos Galegos no Barbanza, que bautizaron como Pedra da Craba, aínda que actualmente a denominación oficial é Pedra da Cabra. realizáronse labores de acondicionamento no ano 2009, acondicionando o camiño de acceso e cortando a masa arbórea que o rodeaba, sinalizouse o acceso e se colocou un panel informativo. Posteriormente, realizáronse distintas labores de eliminación de broza no entorno, a máis recente no verán de 2021.

RECOMENDACIÓNS

·Non pises nin remarcarques os gravados con ningún obxecto (nin xiz).

·Non tires lixo nin ningún outro obxecto que poida danar o contorno.

·Goza da arte dos anterigos e deixa que outros gocen. Axudamos a conservar o patrimonio

·Procura velos ao mencer ou ao solpor, cando a luz do sol é rasante, ou de noite con luz artificial xogando coas luces e coas sombras

Localización dalgúns dos gravados



PEDRA DA CRABA OU CABRA



Lugar no que se atopan os gravados de Pedra da Craba ou Cabra

DESCRICIÓN

Sobre o lateral sur do afloramento atópanse a maioría das gravuras. Destacan fundamentalmente dúas figuras que, tradicionalmente, se atribuíron a unha cabra, ou cervido, enteira e outra a medio representar. Actualmente, e grazas as novas técnica de análise e documentación, semella que a cabra o u cérvido a medio representar pode ser outra cousa. Destaca tamén a figura, aparentemente, humana e unha escena de posible equitación; aparecen outros animais e accións que parecen representar actividades cinexéticas ou de xestión do gando.

A caza e a gandería foron actividades fundamentais para o crecemento económico e o desenvolvemento das antigas civilizacións; quizais fose por ilo, ou non, desa relación animal-home, este último acaba revestindo a algúns deses animais cun significado simbólico e relixioso, sendo divinizados e recibindo culto; hoxe parécenos un absurdo, fundamentalmente a partires da concepción que posuímos do ser humano situado na cúspide da creación, situado por riba do resto dos animais; esta concepción é froito da influencia cristiá; pero en sociedades menos complexas e sen influencias cristiás, como foron as comunidade prehistóricas que habitaron o noso territorio, non existe esta percepción, senón que humanos e animais, forman un todo homoxéneo.

A relación do home cos animais é ancestral, e pode remontarse á época dos primeiros grupos humanos cos que mantiñan unha estreita vinculación, que probablemente quedou fixada nas pinturas paleolíticas pragadas de animais e outros símbolos que deberon ter un significado moi diverso, manifestando valores, ideas, sentimentos, crenzas, etc. a partires dun programa iconográfico que hoxe descoñecemos.



Afloramento sobre o que se atopan algúns dos gravados

Certos animais presentan cualidades “especiais” como pode ser o cervo, que nalgúns relixións animistas representa o espírito do bosque pola súa cornamenta ramificada que evoca ás ramas das árbores e muda estacionalmente as hastas, simbolizando a morte e posterior renacemento. Algúns investigadores teñen fixado a súa atención sobre a combinación da representación de figuras de animais e motivos xeométricos (círculos, coviñas, ...) que teñen interpretado como imaxes cun alto contido simbólico con evidentes connotacións funerarias e astrais, e que teñen interpretado como “follas de ruta do Máis Alá”, outros polo contra, téñeno relacionado coas prácticas máxicas da fecundidade.

As ideas e crenzas son as formas menos tanxibles da actividade social, cunha codificación que só é comprensible para aqueles individuos que comparten a mesma cultura. A cultura non deixa de ser un mecanismo de adaptación e de relacionarse co medio no que habita, tanto física como psiquicamente; á fin de contas, as explicacións ultraterrenais do comportamento do medio, seres humanos e animais incluídos, non é senón unha forma de reducir a tensión da propia existencia e da certeza da morte. O home fai seus os valores que observa nos animais para mimitizarse coa natureza na procura perpetua do equilibrio existencial.